

**ACTA DA SESIÓN PLENARIA ORDINARIA  
CELEBRADA O DÍA 25/11/2024(<http://sede.vilagarcia.gal>)**

Sras. / Sres. Asistentes:

ALCALDE-PRESIDENTE  
D. ALBERTO VARELA PAZ

CONCELLEIROS/AS  
DONA TANIA GARCÍA SANMARTÍN  
DONA PAOLA MARIA MOCHALES  
D. CARLOS COIRA LOJO  
DONA SONIA OUTON CASAL  
D. DIEGO GARCIA SANTIAGO  
DONA LUZ MARIA ABALO PÉREZ  
D. ALVARO CAROU GARCÍA  
DONA ANA MARIA GRANJA GUILLÁN  
D. JUAN ANDRES BAYON ROLO  
DONA MARIA ELENA SUAREZ SARMIENTO  
D. JESUS REY RODRIGUEZ  
D. ROBERTO DOMINGUEZ BUSTELO  
D. RAUL SANTAMARÍA GONZÁLEZ  
DONA MARTA MARÍA FERRADANS PADIN  
D. DAVID HIGINIO OLIVEIRA BARREIRO  
D. JULIO VARELA CARDALDA  
D. FRANCISCO XABIER RODRIGUEZ PAZ  
DONA ROSA MARIA ABUIN RODRIGUEZ  
D. JUAN MANUEL FAJARDO RECOUSO

SECRETARIA  
MARIA ROSA LOSADA SUAREZ

INTERVENTOR  
JULIO FONTAÍNA COUSO

Na Casa do Concello de Vilagarcía de Arousa, sendo as 17:00 do día 25/11/2024, e coa asistencia da Secretaria, reuníronse, en primeira convocatoria, os/as señores/as Concelleiros/as, que á marxe se relacionan como asistentes, co obxecto de celebrar Sesión Plenaria Ordinaria convocada ó efecto.

A continuación procédese a trata-los asuntos que figuran na Orde do Día:

1. Aprobación, se procede, da acta da sesión anterior de data 31 de outubro de 2024.

2. Toma de coñecemento dos Decretos da Alcaldía emitidos no mes de outubro de 2024

3. Toma de coñecemento da renuncia de D. Lino Mouriño Santiago ao cargo de Concelleiro, xunto coa renuncia de Dona Alba Briones Gamarra, á toma de posesión como Concelleira (integrantes ambos da candidatura do PSdeG-PSOE) correspondente ás Eleccións Municipais de 2023

4. Adxudicación, se procede, do contrato de concertación dunha operación de préstamo a longo prazo por importe de 4.903.147,84 €.

5. Aprobación, se procede, de Modificación de crédito por crédito extraordinario para aplicación parcial superavit 2023 con destino á redución do endebedamento neto – amortización préstamo

6. Aprobación, se procede, do acordo entre a Axencia de Turismo de Galicia e o Concello de Vilagarcía de Arousa, pola que se establecen as condicións para a cesión gratuíta dun inmovle en Carril para a posta en funcionamento dun albergue de peregrinos

7. Aprobación, se procede, da mutación demanial das Escolas de Educación Infantil de Solobeira e Guillan, desafectandoas do servizo de educación.

8. Aprobación, se procede, do Plan de Mobilidade Sostible do Concello de Vilagarcía de Arousa

9. Toma de coñecemento da solicitude de participación cidadá presentada por parte de asociacións ou entidades en relación con un punto da orde do día que lle afecte directamente e posterior intervención a través dun único representante das mesmas.

10. Aprobación, se procede, da moción presentada polo grupo político municipal de EU solicitando o incremento de medios para a redución das listas de agarda nas valoracións de discapacidade

11. Aprobación, se procede, da Moción presentada polo grupo político municipal do BNG relativa á creación e posta en marcha da campaña didáctica e divulgativa “O Mar comeza aquí”

12. Interpelacións ou control das decisións do grupo de goberno.

13. Mocions presentadas polos grupos políticos municipais por razóns de urxencia.

14. Resposta dos/as concelleiros/as delegados/as ás preguntas formuladas no Pleno anterior.

15. Rogos e preguntas formuladas polos membros da Corporación Municipal.

16. Quenda de rogos e preguntas entre as persoas que asisten como público á sesión.

A sesión é gravada, imaxe e son, polos funcionarios municipais D. Fernando Pérez Quintela e D. Angel Figueiredo González utilizando o sistema de videoactas ao que se poderá acceder a través da <http://sede.vilagarcia.gal>.

- O Sr. Alcalde da a benvinda ao Concello de Vilagarcía ao Sr. Interventor D. Julio Fontaiña Couso.

- Así mesmo felicita a D. Julio Varela Cardalda pola súa recente paternidade.

## **1.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR, ORDINARIA DE DATA 31 DE OUTUBRO DE 2024.**

Polo Sr. Alcalde pregúntase se hai algunha proposta de rectificación da acta.

Non habendo ningunha proposta de rectificación queda aprobada por unanimidade dos/as Concelleiros/as presentes no Pleno (20 de 21) a acta da sesión anterior de data 31 de outubro de 2024.

Para acceder a este asunto deberase pulsar sobre o seguinte enlace:

<http://vilagarcia.videoacta.es?pleno=20241125&punto=1>

Así mesmo poderá acceder á gravación íntegra en: [sede.vilagarcia.gal](http://sede.vilagarcia.gal)

**2.- TOMA DE COÑECEMENTO DOS DECRETOS DA ALCALDÍA EMITIDOS NO MES DE OUTUBRO DE 2024:** Pola Secretaria dáse conta ao Pleno da Corporación dos Decretos emitidos pola Alcaldía:

### RESOLUCIÓNS DA ALCALDÍA:

2 Aprobación de pregos

1 Traslado posto traballo Departamento de Informática

3 Expediente de transferencia de crédito

8 Expediente de modificación de crédito por xeración

3 Expediente de modificación de crédito por transferencia

2 Licenza de animais potencialmente perigosos

1 Baixa de oficio no Padrón de Habitantes

3 Permisos festas o aire libre

5 Recurso de reposición expediente sancionador de tráfico

5 Pimeiras alegacións ordinario expediente sancionador de tráfico

1 Prescritos sen resolución expediente sancionador de tráfico

2 Sancion tráfico

7 Arquivo expediente sancionador de tráfico

1 Aboamento servizos prestados en xornada nocturna

1 Continuidade nomeamento persoal eventual

1 Dedución haberes por ausencia do posto de traballo

1 Lista provisional admitidos e excluídos bolsas operarios

4 Nomeamento funcionario/a interino/a por substitución titular

1 Autorización participar no proceso selectivo no Concello de Pontevedra

1 Declaración empregada municipal servizos especiais

3 Modificación nomeamento por substitución

1 Nomeamento Interventor Municipal

1 Nomeamento tribunal selección proxecto + emprego

1 Pagamento Plan de Pensións

1 Posto persoal eventual

6 Substitución posto de categoría superior

1 Suspensión nomeamento persoal eventual

1 Adscricións funcións Xefe Servizo

1 Estimatoria IVTM

11 Estimatoria/deseestimatoria derivación subsidiaria

1 Estimatoria rateo no IVTM

1 Estimatoria bonificación IBI

10 Estimatoria liquidacións e baixas

5 Estimatoria recibos

3 Estimatoria compensación de débedas

2 Estimatoria IBI

7 Estimatoria pagos duplicados

22 Estimatoria/deseestimatoria beneficios fiscais

7 Estimatoria IIVTNU  
34 Estimatoria/desestimatoria taxas e prezos públicos  
7 Comisi3ns bancarias  
4 Pr3stamos bancarios  
59 Orde de pago  
10 Deber de conservaci3n  
2 Orde execuci3n limpeza malezas  
5 Desiganci3n letrados expediente contencioso administrativo  
6 Reposici3n da legalidade urbanística  
1 Sancionador actividades  
3 Comunicaci3ns previas aperturas establecementos  
1 Declaraci3n ineficacia comunicaci3n previa apertura establecementos  
2 Licenzas de primeira ocupaci3n  
3 Declaraci3n ineficacia declaraci3n previa obra menor  
3 Concesi3n pr3rroga comunicaci3n previa obra menor  
48 Concesi3n comunicaci3n previa obra menor  
21 Concesi3n licenza de obra menor  
1 Concesi3n licenza de segregaci3n  
11 Concesi3n licenza de obra maior

TOTAL: 359

O Concello Pleno queda sabedor.

Para acceder a este asunto deberase pulsar sobre o seguinte enlace:

<http://vilagarcia.videoacta.es?pleno=20241125&punto=2>

Así mesmo poder3 acceder 3 gravaci3n íntegra en: [sede.vilagarcia.gal](http://sede.vilagarcia.gal)

**3.- TOMA DE COÑECEMENTO DA RENUNCIA DE D. LINO MOURIÑO SANTIAGO AO CARGO DE CONCELEIRO, XUNTO COA RENUNCIA DE DONA ALBA BRIONES GAMARRA, 3 TOMA DE POSESI3N COMO CONCELEIRA (INTEGRANTES AMBOS DA CANDIDATURA DO PSDEG-PSOE) CORRESPONDENTE 3S ELECCI3NS MUNICIPAIS DE 2023.-** D3ase conta do ditame da Comisi3n Informativa de Economía, Facenda e Especial de Contas de data 21 de novembro de 2024, do seguinte teor:

D3ase conta da renuncia presentada por D. Lino Mouriño Santiago ao cargo de Concelleiro, así como de Dona Alba Briones Gamarra, que renuncia a tomar posesi3n do cargo de Concelleira (ambos integrantes da candidatura do PSdeG-PSOE, correspondente 3s Elecci3ns Municipais de 28 de maio de 2023).

D3ase conta do Informe da Secretaria Xeral, no que se indica:

1.-A Xunta Electoral Central ten reiteradamente declarado que de existir renunci3s anticipadas, deben formularse as citadas renunci3s 3 toma de posesi3n como concelleiro, mediante comparecencia persoal ante a Secretaria da Corporaci3n, ou si se presenta con anterioridade a cobertura da presente vacante escrito de renuncia a tal condici3n, e deber3 tam3n ratificarse a devandita renuncia previa, por comparecencia persoal ante a Secretaria da Corporaci3n.

Se por circunstancias excepcionais non poidera producirse esa comparecencia persoal ante a Secretaria, esta poder3 utilizar outros medios de proba admitidos en Dereito que lle permitan acreditar o car3cter voluntario e indubitado da renuncia anticipada, debendo comunicarse así 3 Xunta Electoral Central para expedir a credencial.

2.-Ao amparo da Instrucci3n da Xunta Electoral Central de 10 de xullo de 2003 sobre relevo de cargos representativos locais, deb3nse poñer estas renunci3s en coñecemento do Pleno da Corporaci3n Municipal, remitíndose certificaci3n do acordo adoptado 3 Xunta Electoral Central aos efectos de proceder ao relevo conforme o disposto na Lei Orgánica de Réxime Electoral 5/1985, indicando o nome da persoa que a xuízo da Corporaci3n lle corresponde a vacante.

3.-O artigo 182 da Lei 5/1985 prevé que no caso de renuncia dun concelleiro, o escaño atribuírase ao candidato ou no seu caso, ao suplente da mesma lista a quen corresponda, segundo a orde de colocación.

Recibida a certificación da Corporación Local de toma de coñecemento das renuncias ao cargo representativo local, a Xunta Electoral expedirá a credencial acreditativa da condición de electo a favor do candidato a quen corresponda cubrir a vacante. Credencial que remitirá á Corporación Local da que forme parte.

A Corporación notificarásella ao interesado, de xeito fidedigno, aos efectos do establecido pola normativa de réxime local.

4.-Vista a lista electoral da formación política "PSdeG-PSOE" presentada as eleccións municipais de 28 de maio de 2023, sendo ésta á que pertencen os renunciantes citados, estímase que lle corresponde sustituílos a:

- D. José María González Araujo, que figura no posto número 11

A Comisión toma razón da renuncia do Concelleiro D. Lino Mouriño Santiago, así como da renuncia a tomar posesión do cargo de Concelleira por parte de Dona Alba Briones Gamarra, e solicita da Xunta Electoral Central que se leven a cabo os trámites oportunos para o relevo dos Sres. citados, por D. José María González Araújo, remitindo a esta Corporación a credencial correspondente.

Polo exposto o Concello Pleno toma razón da renuncia do Concelleiro D. Lino Mouriño Santiago, así como da renuncia para tomar posesión do cargo de Concelleira por parte de Dona Alba Briones Gamarra, e solicita da Xunta Electoral Central que leven a cabo os trámites oportunos para a substitución dos Sres. citados, por D. José María González Araújo, remitindo a esta Corporación a credencial correspondente.

Para acceder a este asunto deberase pulsar sobre o seguinte enlace:

<http://vilagarcia.videoacta.es?pleno=20241125&punto=3>

Así mesmo poderá acceder á gravación íntegra en: [sede.vilagarcia.gal](http://sede.vilagarcia.gal)

Polo Sr. Alcalde al térase a Orde do Día da sesión do Pleno pasando a tratar a continuación os asuntos que figuran co nº 9 (participación cidadá) e a continuación o asunto que figura co número 10 da orde do día do Pleno "Aprobación, se procede, da moción presentada polo grupo político municipal de EU solicitando o incremento de medios para a redución das listas de agarda nas valoracións de discapacidade" e a continuación a moción de urxencia presentada polo grupo político municipal do PSdeG-PSOE instando á Xunta de Galicia a reforzar os recursos humanos no CEIP Plurilingüe Vilaxoán.

#### **4.- TOMA DE COÑECEMENTO DA SOLICITUDE DE PARTICIPACIÓN CIDADÁ PRESENTADA POR PARTE DE ASOCIACIÓNS OU ENTIDADES EN RELACIÓN CON UN PUNTO DA ORDE DO DÍA QUE LLE AFECTE DIRECTAMENTE E POSTERIOR INTERVENCIÓN A TRAVÉS DUN ÚNICO REPRESENTANTE DAS MESMAS.:**

Dáse conta do disposto no ARTIGO 23.- do Regulamento Orgánico do Pleno:

Cando algunha das asociacións ou entidades, ás que se refire o artigo 72 da Lei 7/1985, de 2 de abril, desexen facer unha exposición ante o pleno, en relación con algún punto da orde do día que lle afecte directamente, deberá solicitalo á alcaldía mediante escrito presentado no rexistro do concello, un día antes da celebración da sesión plenaria. Coa autorización da alcaldía, e a través dun único representante, poderá intervir durante o tempo que a alcaldía lle conceda, con anterioridade á lectura, debate e votación da proposta incluída na orde do día.

Aqueles asuntos onde estean previstas as intervencións de asociacións ou entidades poderán ser tratados con carácter preferente aos restantes asuntos incluídos na orde do día da

correspondente sesión plenaria.

Figuran presentadas as seguintes solicitudes de participación cidadá:

- D. José Carlos González Casal, en relación coa moción presentada polo grupo político municipal de EU solicitando o incremento de medios para a redución das listas de agarda nas valoracións de discapacidade, que figura co n.º 10 na orde do día.

- Un membro da comunidade educativa do CEIP Plurilingüe Vilaxoán, en relación coa moción de urxencia presentada polo grupo político municipal do PsdeG-PSOE.

Para acceder a este asunto deberase pulsar sobre o seguinte enlace:

<http://vilagarcia.videoacta.es?pleno=20241125&punto=4>

Así mesmo poderá acceder á gravación íntegra en: [sede.vilagarcia.gal](http://sede.vilagarcia.gal)

**5.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA MOCIÓN PRESENTADA POLO GRUPO POLÍTICO MUNICIPAL DE EU SOLICITANDO O INCREMENTO DE MEDIOS PARA A REDUCCIÓN DAS LISTAS DE AGARDA NAS VALORACIÓNS DE DISCAPACIDADE.-** Dáse conta do ditame da Comisión Informativa de Urbanismo e Mobilidade de data 21 de novembro de 2024, do seguinte teor:

Dáse conta da moción presentada polo Grupo Político Municipal de EU coa data de 22 de outubro de 2024, do seguinte teor:

O Voceiro do Grupo Municipal de Esquerda Unida, ao abeiro do regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das Entidades Locais, formula, para a súa discusión, e no seu caso, aprobación por parte do pleno a Seguinte Moción.

Incremento dos medios para a redución das listas de agarda nas valoracións de discapacidade.

Exposición de Motivos.

En marzo deste mesmo ano, a consellería de política social, anunciaba un paquete de medias encamiñadas a reducir as listas de espera nas valoracións da discapacidade, hoxe máis de medio ano despois, estas listas continúan e son máis de 17.000 as persoas afectadas no noso país.

Na actualidade a espera supera os tres anos para a realización da valoración para a maioría dos casos, cando á orde do 25 de novembro de 2015 establece que a petición de valoración deberá resolverse nun prazo máximo de 3 meses. A propia administración recoñece publicamente este colapso chegando a responder aos afectados que reclaman o cumprimento da orde do 25 de novembro de 2015, que o elevado retraso nas citacións para valoracións e revisións de discapacidade se deben ao elevado número de solicitudes, en lugar de articular os medios necesarios para que esta situación desapareza.

Estes retrasos non son un tema menor, xa que o recoñecemento do grao de discapacidade permite o acceso a reducións no IRPF, descontos no transporte público, exencións de impostos e taxas de matrícula, acceso a mecanismos de integracións para persoas con discapacidade, ou en moitos casos, facilitar o acceso ao mercado laboral. Neste sentido incluso dende a Valedora do Pobo se teñen realizado numerosas recomendacións a administración autonómica para que se habiliten os mecanismos axeitados para cumprir coa normativa autonómica.

Por todo o exposto anteriormente o Grupo Municipal de Esquerda Unida, propón ao pleno da corporación a adopción dos seguintes acordos.

Primeiro. O Concello de Vilagarcía, solicita da Xunta de Galicia que cumpra os prazos para a resolución das solicitudes de grao de discapacidade establecidas na normativa autonómica.

Segundo.- Que atendendo ao anterior, a administración autonómica habilite os medios económicos e humanos necesarios para reducir significativa mente as listas de agarda das valoracións de discapacidade e revisións de grao.

Terceiro.- Dar traslado do presente acordo a mesa do Parlamento Galego e aos grupos parlamentarios.

Non habendo intervencións, sométese este asunto a votación co seguinte resultado:

## VOTACIÓN:

As persoas representantes dos grupos políticos municipais do PSdeG-PSOE, BNG e EU informan favorablemente.

As persoas representantes do grupo político municipal do PP din que se manifestarán no Pleno e polo tanto abstense.

En consecuencia e por maioría infórmase favorablemente a aprobación da moción presentada polo grupo político municipal de EU solicitando o incremento de medios para a redución das listas de agarda nas valoracións de discapacidade.

Polo grupo político municipal do PP presentase a seguinte emenda de adición:

Cuarto: Instar ao goberno central a que cumpra cos acordos adoptados coas Comunidades Autónomas recollidos na Lei de Dependencia.

- Polo grupo político municipal de EU acéptase a emenda presentada.

Intervén D. José Carlos González Casal

Na sesión plenaria sométese a votación polo Sr. Alcalde a moción coa emenda presentada, sendo o seu resultado o seguinte:

VOTACIÓN.- Por unanimidade de tódolos/as concelleiros/as presentes no Pleno (20 de 21)

ACÓRDASE aprobar a moción presentada polo grupo político municipal de EU, xunto coa emenda presentada polo grupo político municipal do PP, seguinte:

Primeiro. O Concello de Vilagarcía, solicita da Xunta de Galicia que cumpra os prazos para a resolución das solicitudes de grao de discapacidade establecidas na normativa autonómica.

Segundo.- Que atendendo ao anterior, a administración autonómica habilite os medios económicos e humanos necesarios para reducir significativa mente as listas de agarda das valoracións de discapacidade e revisións de grao.

Terceiro.- Dar traslado do presente acordo a mesa do Parlamento Galego e aos grupos parlamentarios.

Cuarto: Instar ao goberno central a que cumpra cos acordos adoptados coas Comunidades Autónomas recollidos na Lei de Dependencia.

Para acceder a este asunto deberase pulsar sobre o seguinte enlace:

<http://vilagarcia.videoacta.es?pleno=20241125&punto=5>

Así mesmo poderá acceder á gravación íntegra en: [sede.vilagarcia.gal](http://sede.vilagarcia.gal)

## **6.- MOCIÓN PRESENTADA POLOS GRUPOS POLÍTICOS MUNICIPAIS POR RAZÓN DE URXENCIA.**

En cumprimento do preceptuado no artigo 20.1 do Regulamento Orgánico do Pleno do Concello de Vilagarcía de Arousa, o grupo político municipal do PSdeG-PSOE somete á consideración do Pleno unha moción de urxencia entregada no Rexistro Xeral con 24 horas de antelación á realización da sesión plenaria, seguinte:

### **MOCIÓN DE URXENCIA INSTANDO Á XUNTA DE GALICIA A REFORZAR OS RECURSOS HUMANOS NO CEIP PLURILINGÜE VILAXOÁN**

Tania García Sanmartín, na súa condición de voceira do Grupo Municipal Socialista no Concello de Vilagarcía de Arousa comparece e como mellor en dereito proceda DI:

Ao abeiro do disposto nos artigos 97 da Lei 5/1997, do 22 de xullo, Lei de Administración Local de Galicia, 91,4 e 97 do Real Decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, e 46.2 da Lei 11/1999, do 21 de abril, Lei de modificación da Lei Reguladora de Bases do Réxime Local e outras medidas, presenta á consideración do Pleno da Corporación Municipal a seguinte

moción:

## EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O Grupo Municipal Socialista ten coñecemento das demandas da comunidade educativa do CEIP Plurilingüe Vilaxoán. Como é sabido, trátase dun centro público cun total de 206 alumnos/as, dos cales o 31% do alumnado pertence ao Departamento de Orientación: alumnado TEA, trastornos conductuais, trastorno xeralizado do desenvolvemento, grandes dependentes e con altas discapacidades.

Este curso escolar contamos cun maior número de alumnado con necesidades educativas especiais, pero os recursos son inferiores ao pasado curso, a atención nestas condicións é moi deficitaria, xa que dito alumnado precisa un tratamento educativo especial. A medida que aumentan as necesidades, os recursos non aumentan, se non que hai que repartilos entre mais alumnado. Esta situación, ademais, agravase co feito de que o centro foi excluído do programa PROA+, a pesar de cumprir os requisitos de selección.

O centro tamén conta con dúas prazas de coidadores/as superando a ratio establecida por lei para as mesmas, que é 1 por cada 6, atendendo nestes momentos a 9 alumnos/as por coidador/a.

Porén, resulta evidente que a Consellería non dotou ao centro do persoal necesario para atender as necesidades que se presentan este curso, carecendo do persoal mínimo para cubrir as necesidades e para ofrecer unha mellor e máis axustada atención ao alumnado. Esta situación provoca unha sobrecarga de traballo no profesorado e imposibilita unha educación equitativa e de calidade. Esta falta de persoal deixa ao alumnado sen os apoios necesarios para un efectivo e real acceso á unha educación digna e inclusiva.

Por todo o anteriormente exposto, o Grupo Municipal Socialista somete á consideración do Pleno da Corporación a adopción dos seguintes acordos:

1. Instar á Xunta de Galicia para que dote ao CEIP de Vilaxoán dun mestre especializado en Pedagogía Terapéutica e dun coidador/a o cal corresponde por ratio.

Vilagarcía de Arousa, 22 de novembro de 2024

Tania García Sanmartín

Voceira do Grupo municipal do PSdeG-PSOE

Na sesión plenaria sométese a votación a declaración de urxencia da moción, sendo o seu resultado o seguinte:

VOTACIÓN.- Por unanimidade de tódolos/as Concelleiros/as presentes no Pleno (20 de 21)

ACÓRDASE: Aprobar declaración de urxencia da moción presentada polo grupo político municipal do PSdeG-PSOE instando á Xunta de Galicia a reforzar os recursos humanos no CEIP Plurilingüe Vilaxoán.

- Toma a palabra Dona Cristina Durán en representación da Comunidade Educativa do CEIP Plurilingüe Vilaxoán

Na sesión plenaria sométese a votación o asunto polo Sr. Alcalde , sendo o seu resultado o seguinte:

VOTACIÓN.- Por unanimidade de tódolos/as Concelleiros/as presentes no Pleno (20 de 21)

ACÓRDASE: Aprobar a moción presentada polo grupo político municipal do PSdeG-PSOE e:

1. Instar á Xunta de Galicia para que dote ao CEIP de Vilaxoán dun mestre especializado en Pedagogía Terapéutica e dun coidador/a o cal corresponde por ratio.

Para acceder a este asunto deberase pulsar sobre o seguinte enlace:

<http://vilagarcia.videoacta.es?pleno=20241125&punto=6>

Así mesmo poderá acceder á gravación íntegra en: [sede.vilagarcia.gal](http://sede.vilagarcia.gal)

**7.- ADXUDICACIÓN, SE PROCEDE, DO CONTRATO DE CONCERTACIÓN DUNHA OPERACIÓN DE PRÉSTAMO A LONGO PRAZO POR IMPORTE DE 4.903.147,84 €.-** Dáse conta do ditame da Comisión Informativa de Economía, Facenda e Especial de Contas de data 21 de novembro de 2024, do seguinte teor:

Dáse conta da proposta da Alcaldía, do seguinte teor:

PROPOSTA DA ALCALDÍA AO CONCELLO PLENO PARA ADXUDICAR A CONCERTACIÓN DUNHA OPERACIÓN DE PRÉSTAMO A LONGO PRAZO POR IMPORTE DE 4.903.147,84 € PARA FINANCIAR AS INVERSIÓNS INCLUIDAS NO ORZAMENTO MUNICIPAL DE 2024 (Expte. Contratación CT 76/2024)

O artigo 2.1 f) do Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais (TRLHL en adiante) prevé como recurso da Facenda Local o produto das operacións de crédito.

O Concello Pleno, en sesión de data 24/07/2024, acordou financiar as inversións contempladas no Anexo de inversións do orzamento municipal para 2024 mediante unha operación de préstamo por un importe de 4.903.147,84 euros.

A operación de préstamo a concertar debe axustarse ás seguintes características:

- Importe da operación: 4.903.147,84 €.
- Tipo de operación: Préstamo a longo prazo.
- Prazo: 16 anos (15 de amortización e 1 ano de carencia de amortización e pago de xuros).
- Período de liquidación de intereses e amortización: Trimestral, cota constante .
- Admisión de ofertas a tipo fixo.
- Criterio de adxudicación do contrato: Oferta que supoña unhas condicións máis favorables para o Concello, no senso de supoñer un custe financeiro inferior durante a vixencia da operación.

A operación de préstamo financiarase ó 100% polo Concello de Vilagarcía de Arousa.

Aprobados os pregos que rexen a licitación e aberto o prazo de presentación de ofertas, concorreron as seguintes entidades:

NIF: A70302039 ABANCA CORPORACION BANCARIA, S.A.

NIF: A48265169 BANCO BILBAO VIZCAYA ARGENTARIA S.A.

NIF: A08000143 BANCO DE SABADELL S.A.

As ofertas presentadas foron as seguintes:

- NIF: A70302039 ABANCA CORPORACION BANCARIA, S.A. presentou a seguinte oferta:

- Tipo de operación: Préstamo a longo prazo
- Prazo: 16 anos (15 + 1 carencia)
- Carencia: 1 ano DE AMORTIZACIÓN E INTERESES
- Período de liquidación de intereses e amortización trimestral
- Cuotas de amortización: CONSTANTES
- TIPO DE INTERÉS FIJO: 3,01 %
- COMISIONES: EXENTO
- TIPO INT. DEMORA: 0,75%

- NIF: A48265169 BANCO BILBAO VIZCAYA ARGENTARIA S.A., presentou seguinte oferta:

- Tipo de Interés: Eur90 + 0,39%
- Demora: +2% sobre tipo de interés contractual

- NIF: A08000143 BANCO DE SABADELL S.A., presentou a seguinte oferta:

- XURO FIXO OFERTADO: 2,91% fixo durante a vixencia da operación
- Tipo de xuro de demora: 3,31%

Unha vez aplicado pola mesa de contratación o único criterio de valoración previsto no PCPAP ás



ofertas presentadas, o resultado é o seguinte:

- NIF: A70302039 ABANCA CORPORACION BANCARIA, S.A.:

- Menor coste financeiro para o concello durante a vixencia da operación de préstamo: 96.68 puntos.

- NIF: A08000143 BANCO DE SABADELL S.A.:

- Menor coste financeiro para o concello durante a vixencia da operación de préstamo: 100 puntos.

- NIF: A48265169 BANCO BILBAO VIZCAYA ARGENTARIA S.A. A mesa de contratación acordou a exclusión da oferta deste licitador polo seguinte motivo:

- O licitador presenta oferta cun tipo de interese variable. A cláusula 3 do prego de prescricións técnicas particulares que rexe a licitación indica que só se admitirán ofertas a tipo fixo, polo que a oferta presentada por Banco Bilbao Vizcaya Argentaria, S.A. non se axusta aos pregos que rexen a licitación.

De acordo á avaliación das propostas achegadas polos licitadores, a mesa de concluíu a seguinte lista ordenada de maneira decrecente de puntuación de acordo ás puntuacións obtidas polos licitadores:

Orde: 1NIF: a08000143 BANCO DE SABADELL S.A. Proposto para a adxudicación

Total criterios CJV:

Total criterios CAF: 100

Total puntuación: 100

Orde: 2NIF: A70302039 ABANCA CORPORACION BANCARIA, S.A.

Total criterios CJV:

Total criterios CAF: 96.68

Total puntuación: 96.68

Orde: 3NIF: A48265169 BANCO BILBAO VIZCAYA ARGENTARIA S.A. Excluído

Total criterios CJV:

Total criterios CAF:

Total puntuación: 0

Á vista do que antecede, a mesa de contratación, por unanimidade, e conforme ao disposto polos art. 26 e 157 da LCSP, acordou:

1.- Propoñer ao órgano de contratación a adxudicación do contrato PRIVADO PARA A CONCERTACION DUNHA OPERACIÓN DE PRÉSTAMO A LONGO PRAZO POR IMPORTE DE 4.903.147,84 €" (CT 76/2024-e), á empresa con maior puntuación de acordo coa orde en que quedaron clasificadas as ofertas: NIF: A08000143 BANCO DE SABADELL S.A., de conformidade coa súa propia oferta, por ser a oferta mellor valorada en aplicación do criterio de valoración e adxudicación contemplado nos pregos que rexen a licitación.

Oferta de BANCO DE SABADELL S.A.:

LICITADOR	XURO FIXO OFERTADO	
	Tipo de xuro fixo ofertado	Tipo de xuro de demora
BANCO SABADELL, S.A.	2,91%	3,31%

En atención ao anteriormente exposto, veño en proponer ao Concello Pleno a adopción do seguinte acordo:

Adxudicar o contrato privado para a CONCERTACION DUNHA OPERACIÓN DE PRÉSTAMO A LONGO PRAZO POR IMPORTE DE 4.903.147,84 € PARA FINANCIAR AS INVERSIÓN INCLUIDAS NO ORZAMENTO MUNICIPAL DE 2024" (CT 76/2024-e), á empresa con maior puntuación de acordo con a orde no que quedaron clasificadas as ofertas: NIF: A08000143 BANCO DE SABADELL S.A., de conformidade coa súa propia oferta, por ser a oferta mellor valorada en aplicación do criterio de valoración e adxudicación contemplado nos pregos que rexen a licitación.

Oferta de BANCO DE SABADELL S.A.:

LICITADOR	XURO FIXO OFERTADO	
	Tipo de xuro fixo ofertado	Tipo de xuro de demora

BANCO SABADELL, S.A.	2,91%	3,31%
----------------------	-------	-------

Non habendo intervencións, sométese este asunto a votación co seguinte resultado:

VOTACIÓN:

As persoas representantes dos grupos políticos municipais do PSdeG-PSOE e BNG informan favorablemente.

As persoas representantes dos grupos políticos municipais do PP e EU din que se manifestarán no Pleno e polo tanto abstense.

En consecuencia e por maioría infórmase favorablemente a aprobación da adxudicación a Banco de Sabadell SA do contrato de concertación dunha operación de préstamo a longo prazo por importe de 4.903.147,84 €, de conformidade coa súa propia oferta, por ser a oferta mellor valorada, en aplicación do criterio de valoración e adxudicación contemplados nos pregos que rexen a licitación.

Na sesión plenaria sométese a votación o asunto polo Sr. Alcalde , sendo o seu resultado o seguinte:

VOTACIÓN.- Con dez votos a favor dos/as Concelleiros/as pertencentes ós grupos políticos municipais do PSG-PSOE (8) e BNG (2), nove abstencións dos/as concelleiros/as pertencentes ao grupo político municipal do PP (9) e un voto en contra do concelleiro pertencente ao grupo político municipal de EU (1)

ACÓRDASE Por maioría adxudicar o contrato privado para a CONCERTACION DUNHA OPERACIÓN DE PRÉSTAMO A LONGO PRAZO POR IMPORTE DE 4.903.147,84 € PARA FINANCIAR AS INVERSIÓN INCLUIDAS NO ORZAMENTO MUNICIPAL DE 2024” (CT 76/2024-e), á empresa con maior puntuación de acordo con a orde no que quedaron clasificadas as ofertas: NIF: A08000143 BANCO DE SABADELL S.A., de conformidade coa súa propia oferta, por ser a oferta mellor valorada en aplicación do criterio de valoración e adxudicación contemplado nos pregos que rexen a licitación.

Oferta de BANCO DE SABADELL S.A.:

LICITADOR	XURO FIXO OFERTADO	
	Tipo de xuro fixo ofertado	Tipo de xuro de demora
BANCO SABADELL, S.A.	2,91%	3,31%

Para acceder a este asunto deberase pulsar sobre o seguinte enlace:

<http://vilagarcia.videoacta.es?pleno=20241125&punto=7>

Así mesmo poderá acceder á gravación íntegra en: [sede.vilagarcia.gal](http://sede.vilagarcia.gal)

**8.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DE MODIFICACIÓN DE CRÉDITO POR CRÉDITO EXTRAORDINARIO PARA APLICACIÓN PARCIAL SUPERAVIT 2023 CON DESTINO Á REDUCCIÓN DO ENDEBEDAMENTO NETO – AMORTIZACIÓN PRÉSTAMO.-** Dáse conta do ditame da Comisión Informativa de Economía, Facenda e Especial de Contas de data 21 de novembro de 2024, do seguinte teor:

Dáse conta da Proposta da Alcaldía do seguinte teor:

PROPOSTA DA ALCALDÍA-PRESIDENCIA XUSTIFICATIVA DA MODIFICACIÓN ORZAMENTARIA POR CRÉDITO EXTRAORDINARIO N° 01/CE/2024

ANTECEDENTES

Visto que na liquidación do exercicio 2023 obtívose Remanente Líquido de Tesourería para Gastos Xerais con signo positivo, así como uns resultados de capacidade de financiamento en termos de estabilidade.

Coa liquidación do orzamento 2023 resultou un valor o Remanente Líquido de Tesourería para gastos xerais de 2.464.579,90€, do cal se teñen realizado incorporación obrigatoria por estar

vencellados a proxectos de gasto con financiación afectada po importe de 816.407,31€, sendo polo tanto o importe dispoñible de 1.648.172,59€.

Así pois, có presente expediente de crédito extraordinario se acomete a aplicación parcial do superávit 2023 para a amortización extraordinaria no ano 2024 de préstamos vixentes por un importe global de 1.200.000,00€, sendo as operacións que resultaría máis convinte amortizar pola súas condicións financeiras:

- Préstamo núm. 2017/1/79420 asinado con ABANCA CORPORACIÓN BANCARIA SA o 01/07/2017 por importe de 1.250.000,00€, con un tipo de xuro de euribor a 3 meses máis 0,72.

	Capital pendente a 08/11/2024	Importe a amortizar anticipadamente	Cota actual	Nova cota	Redución amortización orzamento 2025
79420	377.154,26 €	353.582,12 €	23.572,14 €	0,00 €	94.288,56 €

- Préstamo núm. 2016/1/450579 asinado con BANCO SABADELL, SA o 13/05/2016 por importe de 650.000€ con un tipo de xuro de euribor a 3 meses máis 0,69.

	Capital pendente a 08/11/2024	Importe a amortizar anticipadamente	Cota actual	Nova cota	Redución amortización orzamento 2025
450579	178.750,00 €	162.500,00 €	16.250,00 €	0,00€	65.000,00 €

- Préstamo núm. 2021/1/009595 asinado con UNICAJA BANCO, SA o 13/05/2016 por importe de 650.000€ con un tipo de xuro de euribor a 3 meses máis 0,69.

	Capital pendente a 08/11/2024	Importe a amortizar anticipadamente	Cota actual	Nova cota	Redución amortización orzamento 2025
009595	2.800.000,04 €	683.917,88 €	58.333,33 €	43.781,89 €	58.205,76 €

Estas amortizacións extraordinarias implicarán a redución dos gastos financeiros para o exercicio 2025, reducindo estimativamente a ATA 2025 en concepto de cotas de amortización en 217.494,32 €, e en consecuencia a débeda viva o volume de endebedamento, favorecendo o aumento do aforro neto.

Visto que na aplicación orzamentaria correspondente á Área de gasto 011 “Débeda Pública” do Orzamento vixente, non existe crédito adecuado e suficiente para facer fronte á amortización anticipada por importe de 1.200.000,00€.

Visto o informe de Intervención favorable de data 18/11/2024 obrante no expediente INT/2024/000530.

Esta Alcaldía da cordo co artigo 177 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, e o artigo 32 da LOEOSF 2/2012, propón ó Pleno da Corporación a adopción do seguinte ACORDO:

PRIMEIRO: Aprobar inicialmente expediente de concesión de crédito extraordinario N° 01/CE/2024, en relación ás aplicacións orzamentarias relacionadas a continuación:

APLICACIÓN ORZAMENTARIA	IMPORTE
011-913 Débeda pública-amortización. préstamos	1.200.000,00€
TOTAL	1.200.000,00€

SEGUNDO: Os medios ou recursos que han de financiar os aumentos que se propoñen ao amparo do disposto no artigo 177.4 do TRLFL 2/2004, son os seguintes:

Remanente líquido de Tesourería para Gastos Xerais, en aplicación do Superávit 2023 de conformidade co disposto no artigo 32 da LOEOSF 2/2012:

SUCONCEPTO DE INGRESO	IMPORTE
87000 REMANENTE LÍQUIDO DE TESOURERÍA PARA GASTOS XERAI	1.200.000,00€
TOTAL	1.200.000,00€

TERCEIRO: Expoñer ao público o expediente de concesión de crédito extraordinario N°01/CE/2024, e no BOP, por 15 días, durante os cales os interesados poderán examinalo e presentar reclamacións ante o Pleno. O expediente considerarase definitivamente aprobado se durante o citado prazo non se presentan reclamacións; en caso contrario, o Pleno disporá do prazo de un mes para resolvelas.

Dada a urxencia que reviste a actuación que pretenden acometerse coa presente modificacións orzamentaria, xa que o Superávit debe estar aplicado e cando menos autorizado dentro do exercicio 2024, farase uso da excepción prevista na base N°10 das BEO 2024, de forma que transcorrido o período de exposición sen presentarse alegacións, o crédito modificado estará dispoñible a efectos de execución orzamentaria, sen prexuízo da posterior e preceptiva publicación da aprobación definitiva a efectos de recursos.

CUARTO: Unha vez aprobado definitivamente o expediente de concesión de crédito extraordinario N° 01/CE/2024 será inserido e resumido por capítulos no BOP. Así mesmo, remitirase copia do expediente á Administración do Estado e a da correspondente CCAA simultaneamente ao envío do BOP.

Non habendo intervencións, sométese este asunto a votación co seguinte resultado:

VOTACIÓN:

As persoas representantes do grupo político municipal do PSdeG-PSOE informan favorablemente.

As persoas representantes dos grupos políticos municipais do PP, BNG e EU din que se manifestarán no Pleno e polo tanto abstense.

En consecuencia e por maioría infórmase favorablemente a aprobación da modificación de crédito por crédito extraordinario N° 01/CE/2024, para aplicación parcial superavit 2023 con destino á redución do endebedamento neto - amortización préstamo, por importe de 1.200.000 €.

Na sesión plenaria sométese a votación o asunto polo Sr. Alcalde , sendo o seu resultado o seguinte:

VOTACIÓN.- Con dez votos a favor dos/as Concelleiros/as pertencentes ós grupos políticos municipais do PSG-PSOE (8) e BNG (2) e un voto en contra do concelleiro pertencente ao grupo político municipal de EU (1) (os nove concelleiros/as integrantes do grupo político municipal do PP non están presentes neste asunto, motivo polo que non participan na votación).

ACÓRDASE Por maioría:

PRIMEIRO: Aprobar inicialmente expediente de concesión de crédito extraordinario N° 01/CE/2024, en relación ás aplicacións orzamentarias relacionadas a continuación:

APLICACIÓN ORZAMENTARIA	IMPORTE
011-913 Débeda pública-amortización. préstamos	1.200.000,00€
TOTAL	1.200.000,00€

SEGUNDO: Os medios ou recursos que han de financiar os aumentos que se propoñen ao amparo do disposto no artigo 177.4 do TRLFL 2/2004, son os seguintes:

Remanente líquido de Tesourería para Gastos Xerais, en aplicación do Superávit 2023 de conformidade co disposto no artigo 32 da LOEOSF 2/2012:

SUCONCEPTO DE INGRESO	IMPORTE
87000 REMANENTE LÍQUIDO DE TESOURERÍA PARA GASTOS XERAIS	1.200.000,00€
TOTAL	1.200.000,00€

TERCEIRO: Expoñer ao público o expediente de concesión de crédito extraordinario N°01/CE/2024, e no BOP, por 15 días, durante os cales os interesados poderán examinalo e presentar reclamacións ante o Pleno. O expediente considerarase definitivamente aprobado se durante o citado prazo non se presentan reclamacións; en caso contrario, o Pleno disporá do prazo de un mes para resolvelas.

Dada a urxencia que reviste a actuación que pretenden acometerse coa presente modificacións orzamentaria, xa que o Superávit debe estar aplicado e cando menos autorizado dentro do

exercicio 2024, farase uso da excepción prevista na base Nº10 das BEO 2024, de forma que transcorrido o período de exposición sen presentarse alegacións, o crédito modificado estará dispoñible a efectos de execución orzamentaria, sen prexuízo da posterior e preceptiva publicación da aprobación definitiva a efectos de recursos.

CUARTO: Unha vez aprobado definitivamente o expediente de concesión de crédito extraordinario Nº 01/CE/2024 será inserido e resumido por capítulos no BOP. Así mesmo, remitirase copia do expediente á Administración do Estado e a da correspondente CCAA simultaneamente ao envío do BOP.

Para acceder a este asunto deberase pulsar sobre o seguinte enlace:

<http://vilagarcia.videoacta.es?pleno=20241125&punto=8>

Así mesmo poderá acceder á gravación íntegra en: [sede.vilagarcia.gal](http://sede.vilagarcia.gal)

- Sendo as 19:00 horas se incorporan á sesión plenaria os nove Concelleiros/as do Grupo Político Municipal do PP.

**9.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DO ACORDO ENTRE A AXENCIA DE TURISMO DE GALICIA E O CONCELLO DE VILAGARCÍA DE AROUSA, POLA QUE SE ESTABLECEN AS CONDICIÓNNS PARA A CESIÓN GRATUÍTA DUN INMOBLE EN CARRIL PARA A POSTA EN FUNCIONAMENTO DUN ALBERGUE DE PEREGRINOS.-** Dáse conta do ditame da Comisión Informativa de Urbanismo e Mobilidade de data 21 de novembro de 2024, do seguinte teor:

Dáse conta da Proposta da Alcaldía do teor literal seguinte:

PROPOSTA DA ALCALDÍA DE APROBACIÓN DA CESIÓN DE USO GRATUITA Á AXENCIA GALEGA DE TURISMO DA XUNTA DE GALICIA DO ALBERGUE DE PEREGRINOS

Por resolución da Alcaldía de 14 de abril de 2020, aprobouse o proxecto básico e de execución denominado “Reforma de edificación par albergue de peregrinos – Carril”, redactado polo arquitecto don Iago Fernández Puentes, cun orzamento (IVE engadido) de 600.000,00€.

A Xunta de Goberno Local, na súa sesión de 8 de febreiro de 2021, acordou adxudicar o referido contrato de obras á mercantil Obras Gallaecia, S.L.

A obra foi recibida, de conformidade, o 29 de agosto de 2022.

A disposición adicional segunda do Decreto 196/2012, do 27 de setembro, polo que se crea a Axencia Galega de Turismo de Galicia e se aproban os seus estatutos, dispón que a citada entidade asumirá a tutela funcional da S.A. Xestión do Plan Xacobeo, ente con personalidade xurídica, que modificará o seu obxecto social, o cal quedará constituído polo mantemento e conservación dos camiños, a rede de albergues e a divulgación do feito de cultura xacobeos.

Pola Axencia Galega de Turismo, remítese borrador de acordo polo que se establecen as condicións para a cesión gratuítas do inmovible de referencia para a posta en funcionamento dun albergue de peregrinos en Vilagarcía.

A cesión gratuítas, por parte do concello, efectúase por un prazo de 30 anos, durante os cales a citada Axencia será a responsable dos gastos de conservación, mantemento ordinario e funcionamento do albergue, así como os seguros necesarios para cubrilos gastos a terceiros e os danos materiais que se poidan ocasionar na citada instalación, dispoñendo ao mesmo tempo do persoal necesario para a súa atención.

Visto o que antecede propónse ao Pleno de Corporación a adopción dos seguintes acordos,

1. Aprobar a cesión gratuítas de uso do inmovible para albergue de peregrinos a favor da Axencia de Turismo de Galicia da Xunta de Galicia, así coma o borrador onde se establecen as condicións da citada cesión.

2. Facultar ao Sr. Alcalde para a realización dos tódolos trámites necesarios para materializar o presente acordo de cesión, incluídas as sinaturas de cantos documentos públicos ou privados sexan necesarios.

Non habendo intervencións, sométese este asunto a votación co seguinte resultado:

**VOTACIÓN:**

As persoas representantes do grupo político municipal do PSdeG-PSOE informan favorablemente.

As persoas representantes dos grupos políticos municipais do PP, BNG e EU din que se manifestarán no Pleno e polo tanto abstense.

En consecuencia e por maioría infórmase favorablemente a aprobación do acordo entre a Axencia de Turismo de Galicia e o Concello de Vilagarcía de Arousa, pola que se establecen as condicións para a cesión de uso gratuíta, por un período de 30 anos do albergue de Carril, asumindo a Axencia de Turismo de Galicia os gastos de conservación, mantemento ordinario e funcionamento do albergue.

Na sesión plenaria sométese a votación o asunto polo Sr. Alcalde , sendo o seu resultado o seguinte:

**VOTACIÓN.-** Con dezanove votos a favor dos/as Concelleiros/as pertencentes ós grupos políticos municipais do PSG-PSOE (8), PP (9) e BNG (2) e unha abstención do Concelleiro pertencente ao grupo político municipal de EU (1)

**ACORDASE:** Por maioría absoluta:

1. A aprobación do acordo entre a Axencia de Turismo de Galicia e o Concello de Vilagarcía de Arousa, pola que se establecen as condicións para a cesión de uso gratuíta, por un período de 30 anos do albergue de peregrinos de Carril, asumindo a Axencia de Turismo de Galicia os gastos de conservación, mantemento ordinario e funcionamento do albergue.

2. Facultar ao Sr. Alcalde para a realización do tódolos trámites necesarios para materializar o presente acordo de cesión, incluídas as sinaturas de cantos documentos públicos ou privados sexan necesarios.

3.- Someter o devendito acordo a información pública polo prazo de quince días, no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra e no Taboleiro de anuncios do Concello, para que poidan formularse as alegacións que se estimen convenientes.

Para acceder a este asunto deberase pulsar sobre o seguinte enlace:

<http://vilagarcia.videoacta.es?pleno=20241125&punto=9>

Así mesmo poderá acceder á gravación íntegra en: [sede.vilagarcia.gal](http://sede.vilagarcia.gal)

## **10.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA MUTACIÓN DEMANIAL DAS ESCOLAS DE EDUCACIÓN INFANTIL DE SOLOBEIRA E GUILLÁN, DESAFECTANDOAS DO SERVIZO DE EDUCACIÓN.-**

Dáse conta do ditame da Comisión Informativa de Servizos Sociais e Igualdade, de data 28 de outubro de 2024, do seguinte teor:

Dáse conta da Proposta da Concelleira de Educación, do seguinte teor:

**PROPOSTA DA CONCELLEIRA DE EDUCACIÓN DE MUTACIÓN DEMANIAL DAS ESCOLAS DE EDUCACIÓN INFANTIL DE SOLOBEIRA E DE GUILLÁN CO FIN DE DESTINALAS AO USO POLAS ORGANIZACIÓNS DE INTERESE SOCIAL**

O CONCELLO DE VILAGARCÍA DE AROUSA conta en GUILLÁN, en Rúa Xiabre, 19, e en SOLOBEIRA, en Rúa da Escola, 20, con senllos BENS DE SERVICIO PÚBLICO que nos últimos anos foron utilizados como ESCOLAS DE EDUCACIÓN INFANTIL e esa afectación ao servizo público educativo xustificaba a súa cualificación como ben demanial. Na actualidade, por decisión da Consellería de Educación (DOGA do 21/08/2024), foron suprimidas as EEI de Solobeira e Guillán e polo tanto, xa non se fai uso deles como aula de ensinanza e, tendo en conta que esas instalacións poden ser empregadas como lugar de encontro e para a realización de actividades variadas por parte das distintas agrupacións, esta Concelleira Delegada ven a

propoñer ao Pleno da Corporación, a adopción do seguinte,

ACORDO:

PRIMEIRO: Autorizar a mutación demanial das escolas de Educación Infantil de Solobeira e de Guillán, desafectándoas do servizo de Educación para ser destinadas ao uso como lugar de encontro e realización de actividades polas agrupacións de interese social.

SEGUNDO: Solicitar autorización á Xefatur a Territorial da Xunta de Galicia, Delegación Provincial da Consellería de Educación para a devandita desafectación.

TERCEIRO: Que se someta o acordo a información pública polo prazo dun mes, no Boletín Oficial da Provincia e no Taboleiro de anuncios do Concello, para que se poidan formula-las alegacións que se estimen convenientes.

CUARTO: Unha vez autorizada a desafectación pola Consellería e resoltas as alegacións que no seu caso se presenten, que se acorde pola Corporación a mutación demanial dos bens de servizo público, e se faga constar no Inventario de Bens da Entidade, se non se presentasen alegacións, se considerará aprobada definitivamente a mutación demanial.

En Vilagarcía de Arousa, na data da sinatura dixital.

A Concelleira Delegada de Educación

Asdo. Paola María Mochales

Non habendo intervencións, sométese este asunto a votación co seguinte resultado:

VOTACIÓN:

As persoas representantes do grupo político municipal do PSdeG-PSOE informan favorablemente.

As persoas representantes dos grupos políticos municipais do PP, BNG e EU din que se manifestarán no Pleno e polo tanto abstense.

En consecuencia e por maioría infórmase favorablemente a aprobación da mutación demanial das Escolas de Educación Infantil de Solobeira e Guillán, desafectándoas do servizo de educación.

- Sendo as 19:30 horas abandona o Salón de Plenos o Sr. Interventor Municipal.

Na sesión plenaria sométese a votación o asunto polo Sr. Alcalde , sendo o seu resultado o seguinte:

VOTACIÓN.- Con once votos a favor dos/as Concelleiros/as pertencentes ós grupos políticos municipais do PSG-PSOE (8), BNG (2) e EU (1) e nove abstencións dos/as Concelleiros/as pertencentes ao grupo político municipal do PP (9).

ACÓRDASE Por maioría absoluta:

PRIMEIRO: Autorizar a mutación demanial das escolas de Educación Infantil de Solobeira e de Guillán, desafectándoas do servizo de Educación para ser destinadas ao uso como lugar de encontro e realización de actividades polas agrupacións de interese social.

SEGUNDO: Solicitar autorización á Xefatur a Territorial da Xunta de Galicia, Delegación Provincial da Consellería de Educación para a devandita desafectación.

TERCEIRO: Que se someta o acordo a información pública polo prazo dun mes, no Boletín Oficial da Provincia e no Taboleiro de anuncios do Concello, para que se poidan formula-las alegacións que se estimen convenientes.

CUARTO: Unha vez autorizada a desafectación pola Consellería e resoltas as alegacións que no seu caso se presenten, que se acorde pola Corporación a mutación demanial dos bens de servizo público, e se faga constar no Inventario de Bens da Entidade, se non se presentasen alegacións, se considerará aprobada definitivamente a mutación demanial.

Para acceder a este asunto deberase pulsar sobre o seguinte enlace:

<http://vilagarcia.videoacta.es?pleno=20241125&punto=10>

Así mesmo poderá acceder á gravación íntegra en: [sede.vilagarcia.gal](http://sede.vilagarcia.gal)

**11.- APROBACIÓN INICIAL, SE PROCEDE, DO PLAN DE MOBILIDADE SOSTIBLE DO CONCELLO DE VILAGARCÍA DE AROUSA.-** Dáse conta do ditame da Comisión Informativa de

Urbanismo e Mobilidade de data 21 de novembro de 2024, do seguinte teor:

Dáse conta da Proposta da Concelleira de Urbanismo e Mobilidade do teor literal seguinte:

#### PROPOSTA DA CONCELLEIRA DE URBANISMO E MOBILIDADE

O Concello de Vilagarcía de Arousa, adxudicou á Empresa Grupo de Estudios y Alternativas 21, SL, a elaboración do Plan de Mobilidade Urbana Sostible do Concello de Vilagarcía de Arousa, na contía de 52.150 € (IVE incluído), sendo financiado o 80% con cargo aos Fondos EDUSI (Vilagarcía Avanza) e o 20% restante con cargo ao Concello. O devandito Plan atopase finalizado e procede levar a cabo a súa aprobación.

A Lei 2/2011, de 4 de marzo de Economía Sostible, indica no seu artigo 101, o seguinte:

Artigo 101. Os Plans de Mobilidade Sostible.

1.Os Plans de Mobilidade Sostible son un conxunto de actuacións que teñen como obxectivo a implantación de formas de desprazamento máis sostibles no ámbito xeográfico que corresponda, priorizando a redución do transporte individual en beneficio dos sistemas colectivos e doutros modos non motorizados de transporte e desenvolvendo aqueles que fagan compatibles crecemento económico, cohesión social, seguridade viaria e defensa do medio ambiente, garantindo, desta forma, unha mellor calidade de vida para os cidadáns. Estes plans deberán dar cabida a solucións e iniciativas novas, que reduzan eficazmente o impacto ambiental da mobilidade, ao menor custo posible.

PRIMEIRO: Participación cidadá

A Lei 39/2015, de 1 de outubro, establece no artigo 133 a obrigada participación cidadá na elaboración de normas con rango de lei e regulamentos, dispoñendo que con carácter previo á elaboración do proxecto ou anteproxecto de lei ou de regulamento, substanciárase unha consulta pública, a través do portal web da Administración competente na que se solicitará a opinión dos suxeitos e das organizacións mais representativas potencialmente afectados pola futura norma acerca de:

- a) os problemas que se pretenden solucionar coa iniciativa
- b) a necesidade e oportunidade da súa aprobación
- c) os obxectivos da norma
- d) as posibles solucións alternativas regulatorias e non regulatorias

Establece tamén que poderá prescindirse do trámite de consulta, audiencia e información públicas no caso de normas orzamentarias ou organizativas propias das entidades locais; cando existan razóns graves de interese público que o xustifiquen; cando a proposta normativa non teña un impacto significativo na actividade económica, non imponha obrigas relevantes aos destinatarios ou regule aspectos parciais dunha materia.

No citado Plan de Mobilidade Urbana figura nas páxinas 173 a 184, o Anexo de participación e comunicación realizado, cos seguintes apartados:

14. Anexo de participación e comunicación

14.1 Cuestionario de mobilidade cotiá.

14.2 Entrevistas con axentes clave

14.3 Encontro do Grupo Municipal de Mobilidade: problemas e políticas de mobilidade.

14.4 Taller de diagnóstico coa Mesa de Mobilidade Sostible.

14.5 Paseo crítico cidadá.

14.6 Encontro do Grupo Municipal de Mobilidade: os retos do PMUS.

14.7 Taller de escenarios de futuro coa mesa da Mobilidade Sostible.

14.8 Exposición na rúa sobre os contidos do PMUS.

14.9 Encontro de contraste con grupos políticos municipais.

14.10 Taller de desenvolvemento de medidas coa Mesa da Mobilidade Sostible.

14.11 Outros materiais de comunicación: carteis, páxina web, redes sociais e correo de mobilidade.

SEGUNDO: Competencia e tramitación

O acordo de aprobación do Plan de Mobilidade é competencia do Pleno, en virtude do artigo 22.2.d) da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, e a validez do Acordo require o voto favorable da maioría simple dos membros presentes, como se establece no



artigo 47.1 da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local (LBRL).

O Artigo 49 da LBRL establece que aprobado inicialmente o Plan de Mobilidade se someterá o expediente a información pública no taboleiro de anuncios do Concello e no Boletín Oficial da Provincia durante trinta días, como mínimo, dentro dos cales os interesados poderán examinar o expediente e presentar as reclamacións que estimen oportunas. Así mesmo, estará a disposición dos interesados na sede electrónica deste Concello.

Finalizado o prazo de información pública, adoptarase o Acordo definitivo que proceda, resolvendo as reclamacións presentadas e a redacción definitiva do Plan. No caso de que non se presentaron reclamacións, entenderase definitivamente adoptado o acordo, ata entón provisional, sen necesidade de acordo plenario.

O acordo de aprobación definitiva e o texto íntegro do Plan de Mobilidade publicarase no taboleiro de anuncios do Concello e no Boletín Oficial da Provincia, momento no cal entrará en vigor. Así mesmo, o devandito acordo de aprobación definitiva notificarase a aqueles interesados que presentasen alegacións. Así mesmo, estará a disposición dos interesados na sede electrónica deste Concello.

Vosto o exposto, propónse ao Pleno da Corporación a adopción do seguinte

ACORDO:

- Aprobación inicial do Plan DE Mobilidade Urbana Sostible do Concello de Vilagarcía de Arousa, redactado pola Empresa Grupo de Estudos y Alternativas 21, SL.
- Publicar no Boletín Oficial da Provincia o citado plan durante o prazo de 30 días hábiles, coa finalidade de que sexa examinado e poidan presentarse alegacións.
- De presentarse alegacións, deberán ser resoltas polo Pleno da Corporación Municipal, para proceder á súa aprobación definitiva. De non presentarse alegacións o plan considerase definitivamente aprobado.

Non habendo intervencións, sométese este asunto a votación co seguinte resultado:

VOTACIÓN:

As persoas representantes dos grupos políticos municipais do PSdeG-PSOE e BNG informan favorablemente.

As persoas representantes dos grupos políticos municipais do PP e EU din que se manifestarán no Pleno e polo tanto abstense.

En consecuencia e por maioría infórmase favorablemente a aprobación inicial do Plan de Mobilidade Sostible do Concello de Vilagarcía de Arousa.

Na sesión plenaria sométese a votación o asunto polo Sr. Alcalde , sendo o seu resultado o seguinte:

VOTACIÓN.- Con dez votos a favor dos/as Concelleiros/as pertencentes ós grupos políticos municipais do PSG-PSOE (8) e BNG (2), unha abstención do Concelleiro pertencente ao grupo político municipal de EU (1) e nove votos en contra dos/as Concelleiros/as pertencentes ao grupo político municipal do PP (9)

ACÓRDASE Por maioría:

- A aprobación inicial do Plan DE Mobilidade Urbana Sostible do Concello de Vilagarcía de Arousa, redactado pola Empresa Grupo de Estudos y Alternativas 21, SL.
- Publicar no Boletín Oficial da Provincia o citado plan durante o prazo de 30 días hábiles, coa finalidade de que sexa examinado e poidan presentarse alegacións.
- De presentarse alegacións, deberán ser resoltas polo Pleno da Corporación Municipal, para proceder á súa aprobación definitiva. De non presentarse alegacións o plan considerase definitivamente aprobado.

Para acceder a este asunto deberase pulsar sobre o seguinte enlace:

<http://vilagarcia.videoacta.es?pleno=20241125&punto=11>

Así mesmo poderá acceder á gravación íntegra en: [sede.vilagarcia.gal](http://sede.vilagarcia.gal)

**12.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA MOCIÓN PRESENTADA POLO GRUPO POLÍTICO MUNICIPAL DO BNG RELATIVA Á CREACIÓN E POSTA EN MARCHA DA CAMPAÑA**

**DIDÁCTICA E DIVULGATIVA “O MAR COMEZA AQUÍ”.-** Dáse conta do ditame da Comisión Informativa de Urbanismo e Mobilidade de data 21 de novembro de 2024, do seguinte teor:

Dáse conta da moción presentada polo grupo político municipal do BNG coa datade 14 de novembro de 2024, do seguinte teor:

Moción relativa á creación e posta en marcha da campaña didáctica e divulgativa “O Mar comeza aquí”

Don Francisco Xabier Rodríguez Paz, Portavoz do Grupo Municipal do Bloque Nacionalista Galego (BNG) no Concello de Vilagarcía de Arousa, ao abeiro da lexislación vixente, presenta a seguinte MOCIÓN para o seu debate no Pleno da corporación.

**EXPOSICIÓN DE MOTIVOS:**

Nos últimos tempos vimos observando con preocupación os datos alarmantes existentes sobre o incremento da contaminación mariña no medio ambiente en xeral, e a Ría de Arousa en particular. Non podemos mirar a outro lado e facer coma se non fose connosco.

Ademais, dende as administracións públicas, a comezar pola municipal, temos o deber de tentar paliar esta situación con todas as ferramentas que teñamos da nosa man.

A diario, de xeito inconsciente, ben por descoñecemento, costume ou por pensar que os residuos alí vertidos levan algún tipo de tratamento, moitas persoas utilizan de xeito incorrecto os sumidoiros das rúas da nosa vila. A rede de pluviais non remata en ningún tipo de planta depuradora que filtre, elimine e depure a auga e os sólidos que poidan transportar, senón que calquera elemento que transporte, sexa líquido ou sólido, irá parar directamente ao mar.

Debido a isto, somos responsables da vertedura de todo tipo de residuos nas redes de augas pluviais: cabichas, plásticos, lixivias ou deterxentes resultantes da limpeza de domicilios particulares, locais de hostalería ou comerciais. Todo iso e máis vai parar directamente, neste caso, á nosa ría. Cómpre, polo tanto, sensibilizar á cidadanía da importancia que ten evitar calquera tipo de verteduras nos sumidoiros, para protexer así a saúde do noso mar e con iso a de todas e todos nós.

Este mes de Novembro, do 16 ao 24, vén de celebrarse en tódolos países da UE a Semana Europea de Prevención de Residuos, que anima á cidadanía a levar a cabo accións de concienciación sobre a xestión sustentable dos recursos e os residuos.

En consonancia co espírito desta iniciativa europea, dende o BNG consideramos que, ao igual que se leva facendo xa en moitas cidades e vilas do mundo, o Concello de Vilagarcía pode e debe levar a cabo diferentes accións que palien ou poñan fin a esta situación.

Unha iniciativa que está dando bos resultados no Estado español, a través da Asociación Española de Operadores Públicos de Abastecemento e Saneamento (AEOPAS) é a campaña coñecida coma “O Mar comeza aquí”, a cal consiste no desenvolvemento de accións informativas e divulgativas entre a cidadanía, a colocación e instalación de sinalización nos sumidoiros de letreiros que indiquen a conexión directa existente entre eles e o mar, e a colocación de trampas de lixo que eviten a caída de sólidos á rede e faciliten a súa recollida.

É por iso polo que solicitamos a aprobación dos seguintes ACORDOS:

1. Levar a cabo a creación e posterior desenvolvemento da campaña “O Mar comeza aquí” coa finalidade de informar aos diferentes sectores da poboación.
2. Proceder á instalación de letreiros indicadores ao lado dos sumidoiros pertencentes á rede de pluviais, para sinalar á importancia de non verter nada neles.
3. Levar a cabo a instalación de trampas de lixo nos sumidoiros para evitar a chegada ao mar de todo tipo de sólidos contaminantes.
4. Achegar os obxectivos desta campaña ás asociacións veciñais e negocios da vila para animalos a que se sumen á campaña e conciencialos da súa importancia, así como a procura da implicación dos centros educativos neste eido, xa que ten cabida no desenvolvemento curricular de diferentes materias e etapas do ensino.

Non habendo intervencións, sométese este asunto a votación co seguinte resultado:

**VOTACIÓN:**

As persoas representantes dos grupos políticos municipais do PSdeG-PSOE, BNG e EU informan favorablemente.

As persoas representantes do grupo político municipal do PP din que se manifestarán no Pleno e polo tanto abstense.

En consecuencia e por maioría infórmase favorablemente a aprobación da moción presentada polo grupo político municipal do BNG relativa á creación e posta en marcha da campaña didáctica e divulgativa "O Mar comeza aquí".

Na sesión plenaria sométese a votación o asunto polo Sr. Alcalde , sendo o seu resultado o seguinte:

VOTACIÓN.- Por unanimidade de tódolos/as Concelleiros/as presentes no Pleno (20 de 21)

ACÓRDASE aprobar a moción presentada polo grupo político municipal do BNG e:

1. Levar a cabo a creación e posterior desenvolvemento da campaña "O Mar comeza aquí" coa finalidade de informar aos diferentes sectores da poboación.
2. Proceder á instalación de letreiros indicadores ao lado dos sumidoiros pertencentes á rede de pluviais, para sinalar á importancia de non verter nada neles.
3. Levar a cabo a instalación de trampas de lixo nos sumidoiros para evitar a chegada ao mar de todo tipo de sólidos contaminantes.
4. Achegar os obxectivos desta campaña ás asociacións veciñais e negocios da vila para animalos a que se sumen á campaña e conciencialos da súa importancia, así como a procura da implicación dos centros educativos neste eido, xa que ten cabida no desenvolvemento curricular de diferentes materias e etapas do ensino.

Para acceder a este asunto deberase pulsar sobre o seguinte enlace:

<http://vilagarcia.videoacta.es?pleno=20241125&punto=12>

Así mesmo poderá acceder á gravación integra en: [sede.vilagarcia.gal](http://sede.vilagarcia.gal)

### **13. - INTERPELACIÓNS OU CONTROL DAS DECISIÓNS DO GRUPO DE GOBERNO.**

Non se presentaron

Para acceder a este asunto deberase pulsar sobre o seguinte enlace:

<http://vilagarcia.videoacta.es?pleno=20241125&punto=13>

Así mesmo poderá acceder á gravación integra en: [sede.vilagarcia.gal](http://sede.vilagarcia.gal)

### **14.- RESPOSTA DOS/AS CONCELLEIROS/AS DELEGADOS/AS ÁS PREGUNTAS FORMULADAS NO PLENO ANTERIOR.**

Por parte dos/as Sres./as Concelleiros/as respóndese ás preguntas formuladas no Pleno anterior.

Para acceder a este asunto deberase pulsar sobre o seguinte enlace:

<http://vilagarcia.videoacta.es?pleno=20241125&punto=14>

Así mesmo poderá acceder á gravación integra en: [sede.vilagarcia.gal](http://sede.vilagarcia.gal)

### **15.- ROGOS E PREGUNTAS FORMULADAS POLOS MEMBROS DA CORPORACIÓN MUNICIPAL.**

Por parte dos/as Sres./as Concelleiros/as fórmulanse rogos e preguntas que serán contestadas no próximo Pleno.

Para acceder a este asunto deberase pulsar sobre o seguinte enlace:

<http://vilagarcia.videoacta.es?pleno=20241125&punto=15>

Así mesmo poderá acceder á gravación integra en: [sede.vilagarcia.gal](http://sede.vilagarcia.gal)

### **16.- QUENDA DE ROGOS E PREGUNTAS ENTRE AS PERSOAS QUE ASISTEN COMO PÚBLICO Á SESIÓN.**

No momento no que se tratou este asunto, xa non se atopaba público na

sesión, polo que non se formularon nin rogos, nin preguntas.  
Para acceder a este asunto deberase pulsar sobre o seguinte enlace:  
<http://vilagarcia.videoacta.es?pleno=20241031&punto=16>  
Así mesmo poderá acceder á gravación íntegra en: [sede.vilagarcia.gal](http://sede.vilagarcia.gal)

E sen máis asuntos que tratar, ás 20:40, levantouse a sesión da que se estende a presente acta e eu, Secretaria, dou fe.